

As cousas sinxelas

NON ADOITA un ler demasiadas obras deste xénero chamado literatura infantil, tantas veces desprestixiado baixo a teima de «iso é cousa de nenos». Se algo acadada esta obra de Antonio Manuel Fraga é ciscar esa impresión cada vez máis afastada da realidade. Os nosos cativos xa non son como eramos nós, as súas miras e capacidades deixan as nosas (os que andamos polos cuarenta polo menos) á altura do betún, de aí que esta literatura medrara afastada de simplismos e se achegara a unha axeitada conxunción de tradición e modernidade.

Moito disto temos neste 'O castañeiro de abril', nunha boa mestura desa compoñente clásica dos contos, e que tan mal faríamos se a desbotásemos das nosas narracións, cunha visión actual do que se conta, neste caso, a historia dun neno cego que non deixa de superar esa situación e de como se enfrenta á realidade da súa vida, chea de momentos difíciles. Nesa síntese do conto tradicional, cos seus malos ben definidos (neste caso as tías do neno orfo de nai), o descubrimento inocente do primeiro amor, os xogos de fantasía e realidade e ata algún chisco a contos famosos; coa visión dun mundo que non é sinxelo para quen ten algún tipo de deficiencia e, sobre todo, pola radiografía dun mundo no que se desprezan as cousas que nos poden parecer máis simples, pero que dende a súa pequenez teñen unha fonda importancia, ao pertencer a nosa sensibilidade

CAFÉ POMBO

RAMÓN ROZAS



Título: O castañeiro de abril. **Autor:** Antonio Manuel Fraga. **Editorial:** Xerais. **Páxinas:** 160. **Prezo:** 12,50 €

ante o mundo. Pois nesa síntese é onde reside ese equilibrio que levou a Antonio Manuel Fraga a compoñer unha historia de éxito, que ademais se converte nunha eficaz mirada ao xénero de tal forza que cautiva ata a quen non é moi aficionado a el, como o que aquí escribe.

Baltasar, o neno protagonista da narración, é todo bondade, e o seu soño é reunirse co seu pai, en parte como fuxida do desprezo das súas tías. As figuriñas en madeira que constrúe coa súa navalla son a maneira de gañar os cartos necesarios para cumprir ese soño. A súa relación cun zapateiro gruñón ou unha rapaza, alternáanse cun feito sobranceiro como será a aparición na praza do pobo dun castañeiro. A partires deste argumento, e co delicioso soporte gráfico do debuxante Antonio Seijas, o libro

debullla a necesidade de valorar o que é realmente importante na nosa vida, e que soen ser as cousas que ao longo do día a día desprezamos, non concedéndolle a relevancia que en realidade teñen: «A xente xamais lles dá importancia ás cousas miudas, aínda que estas adoitan ser a principal orixe dos nosos disgustos e satisfaccións», di no libro.

Boas descripcións dos ambientes —a zapatería, a vivenda das súas insoportables tías, a praza do pobo—, a tenra relación entre o zapateiro e Baltasar, o cariño entre o neno e Matilde, ou algúns puntos culminantes no libro, como cando as tías se enfadan de xeito definitivo con Baltasar ou as diferentes aparicións do Castañeiro, acadan na narración esa sensación de ligereza que todo conto precisa, para acadar a fluidez do que alí se narra, fundamental para engaiolar ao lector nestas edades de comezo da afición á lectura.

Acadar o premio Merlín é unha boa nova para un autor que comeza a chamar a porta deste complexo mundo literario, na procura de que as letras se convertan nun milagre do que poder vivir. Da man de Baltasar, Antonio Manuel Fraga revive en nós moitas daquelas lecturas infantís, recuperando sensacións e percepcións dun tempo pasado que, desta volta, ule a castañas e a fantasía, a imaxinación e á aposta por unha historia que tamén a nós nos leva a pensar en como estamos a actuar neste tempo no que soemos desprezar o máis miudo, o máis necesario para a vida.